REUNIÓN DA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA DETERMINAR AS CONSECUENCIAS DOS RECORTES E PRIVATIZACIÓN DO SISTEMA SANITARIO GALEGO (2009-2018), CON ESPECIAL INCIDENCIA EN CASOS COMO A NON DISPENSACIÓN DE MEDICAMENTOS AOS ENFERMOS DA HEPATITE C OU O FALECEMENTO DUN PACIENTE SEN ATENCIÓN NO PAC DE A ESTRADA

Día: 17.10.2018 Hora: 16:00

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
10 OUT. 2018
Núm. 11716

A Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatizacións sobre o sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos necesarios aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de outubro de 2018, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Aprobación das Normas de funcionamento da Comisión.

Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento da Cámara, conforme ao establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Punto 3. Fixación do prazo para a presentación polos grupos parlamentarios de propostas de plan de traballo.

O que lle comunico para o seu coñecemento e para os efectos de convocalo/a á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Marta Rodríguez Arias

Presidenta

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, na data 25/09/2018 13:31:06

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA DETERMINAR AS CONSECUENCIAS DOS RECORTES E PRIVATIZACIÓN DO SISTEMA SANITARIO GALEGO (2009-2018), CON ESPECIAL INCIDENCIA EN CASOS COMO A NON DISPENSACIÓN DE MEDICAMENTOS AOS ENFERMOS DA HEPATITE C OU O FALECEMENTO DUN PACIENTE SEN ATENCIÓN NO PAC DE A ESTRADA

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias	P

Vicepresidente

Jesús Miguel Prado Patiño	P

Secretaria

Eva Solla Fernández	EM

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Julio Torrado Quintela	S
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada

Día: 17.10.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1. Aprobación das Normas de funcionamento da Comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Proxecto de Normas de funcionamento da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada.

(aprobado pola Mesa da Comisión na reunión do día 1 de outubro de 2018)

I. Obxecto e duración

Artigo 1

A Comisión créase co obxecto de determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada.

Artigo 2

A Comisión extinguirase ao remate do labor encomendado e, en todo caso, ao concluír a lexislatura.

II. Organización

Artigo 3

A Mesa é o órgano de dirección e impulso das actividades da Comisión e exercerá as seguintes funcións:

a) Recompilar toda a información e documentación imprescindible para realizar a tarefa encomendada.
b) Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar a Comisión de todo tipo de informacións de interese para a elaboración das conclusións.
c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.
d) Executar os acordos adoptados pola Comisión.
e) Propoñerlle á Comisión un plan de traballo e un calendario xeral de actividades, logo de escoitar as propostas dos distintos grupos parlamentarios.
f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

Artigo 4

1. A Comisión poderá designar unha Ponencia cando as circunstancias do traballo así o aconsellasen.

2. As comparecencias terán lugar en comisión, agás que, por acordo da propia Comisión, se acorde levalas a cabo en Ponencia.

III. Funcionamento

Artigo 5

A Comisión será convocada pola súa Presidencia, de acordo coa súa Mesa.

Artigo 6

A Comisión entenderase validamente constituída cando asistan a metade máis un dos seus membros. Os acordos tomaranse por maioría simple.

Artigo 7

1. Os traballos e as deliberacións da Comisión axustaranse ao previsto no artigo 70 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

2. A actuación dos deputados e deputadas deberá axustarse ao previsto no artigo 13 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

IV. Medios de acción

Artigo 8

1. A Comisión, a través da Presidencia do Parlamento, poderá exercer as facultades previstas no artigo 44 do Regulamento da Cámara.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, calquera deputado ou deputada poderá facer uso da facultade de información recoñecida no artigo 9 do Regulamento da Cámara.

Artigo 9

1. Sempre que se solicitase a presenza dalgunha autoridade ou particular para comparecer na Comisión ou, se é o caso, na Ponencia, os extremos sobre os que deba informar deberán serlle comunicados cunha antelación mínima de cinco días hábiles, debendo ser advertido dos seus dereitos así como da posibilidade de acudir asistido de letrado ou letrada.

2. As persoas requiridas en forma legal e baixo apercibimento que deixasen de comparecer incorrerán nas responsabilidades previstas no artigo 502 do Código penal.

Artigo 10

Sempre que o axeitado funcionamento da Comisión o precise, o Parlamento, a través da Mesa, poderá contratar, con carácter temporal, o auxilio de persoas expertas, nos termos que se especifican na disposición derradeira cuarta do Regulamento da Cámara.

V. Plan de traballo

Artigo 11

A Comisión aprobará un plan de traballo sobre a proposta elaborada pola Mesa desta Comisión, oído o parecer e as achegas das portavoces e dos portavoces dos grupos parlamentarios, e nel poderá figurará o calendario xeral de actividades para a Comisión.

O plan de traballo incluirá os mecanismos para a incorporación de novas comparecencias ou solicitudes de información en función do desenvolvemento da propia Comisión.

VI. Comparecencias

Artigo 12

Serán admitidas todas as preguntas que formulen os grupos parlamentarios en cada comparecencia, sempre que versen sobre o obxecto da Comisión.

VII. Ditame

Artigo 13

1. Se a Comisión designase unha Ponencia, esta elaborará un proxecto de ditame no que se reflectirán as conclusións da investigación. O proxecto seralle elevado á Comisión para o seu debate e aprobación.

No caso de que non se designase unha Ponencia, será a propia Comisión a que elabore o proxecto.

2. Poderá redactarse, así mesmo, unha memoria na que figuren a metodoloxía seguida, o material utilizado e cantos datos se xulguen de interese.

Artigo 14

O proxecto de ditame deberá conter, a título indicativo:
a) Un relatorio de feitos.
b) A análise e valoración das responsabilidades, se é que as houbese.

c) A avaliación das consecuencias e as medidas que, se é o caso, se deban adoptar para o futuro.

Artigo 15

Ultimado o proxecto de ditame, a Presidencia da Comisión remitirállelo aos membros desta, no prazo previsto no calendario de actividades, dándolle conta á Presidencia da Cámara destas circunstancias.

Artigo 16

Os membros da Comisión poderán presentar emendas ao proxecto de ditame no prazo de cinco días hábiles desde a súa remisión.

Artigo 17

O proxecto de ditame, coas emendas presentadas, será obxecto de debate no seo da Comisión, para a súa aprobación definitiva.

Artigo 18

Os grupos parlamentarios e os deputados e as deputadas poderán formular votos particulares ao ditame aprobado para amosar a súa discrepancia con el ou en relación con aquelas emendas que fosen rexeitadas. Os votos particulares deberán presentarse dentro dos dous días hábiles seguintes á finalización do ditame.

Artigo 19

O ditame, cos votos particulares se os houbese, seralle remitido á Mesa do Parlamento, no prazo dos cinco días hábiles seguintes á súa aprobación. A Mesa do Parlamento dispoñerá a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Artigo 20

O ditame será sometido a debate e votación no Pleno e, para tal fin, a Presidencia do Parlamento —oída a Mesa e a Xunta de Portavoces— ordenará o debate, concederá a palabra e fixará os tempos das intervencións.

Artigo 21

1. O ditame aprobado polo Pleno será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicado á Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a Mesa do Parlamento acorde o seu traslado ao Ministerio Fiscal.

2. Por petición do grupo parlamentario propoñente publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* os votos particulares rexeitados.

Disposición derradeira única

En todo o non previsto por estas normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:19
Nº Rexistro: 38239
Data envio: 04/10/2018 17:19:24.851

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no acordo da Mesa da Comisión do 1 de outubro de 2018, presenta as seguintes **emendas ao proxecto de Normas de funcionamento** elaborado pola Mesa da Comisión na súa reunión do 1 de outubro de 2018.

Emenda núm. 1

Emenda de adición.

No artigo 11, engadir despois de: "A Comisión aprobará", o seguinte texto: "por maioría cualificada de 2/3..."

Emenda núm. 2

Emenda de substitución.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:19
Nº Rexistro: 38239
Data envio: 04/10/2018 17:19:24.851

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No artigo 12, substituír o texto do artigo polo seguinte:

"Serán admitidas todas as preguntas que formulen os grupos parlamentares en cada comparecencia, sempre que versen sobre o obxecto da Comisión e darase resposta individualizada por parte do/a comparecente a cada unha delas."

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2018 13:30:20

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:29
Nº Rexistro: 38243
Data envio: 04/10/2018 17:29:17.934

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada.

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa do deputado **Julio Torrado Quintela** e a través do seu portavoz, presenta ante esa Mesa as seguintes emendas ao proxecto de Normas de funcionamento da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada

Emenda número 1

Débese engadir ao final da alínea a do artigo 3 o seguinte contido:

Engadir in fine: "Esta información deberá estar a disposición dos membros da Comisión á maior brevidade posible."

Emenda número 2

Débese substituír o punto 2 do artigo 4 polo seguinte contido:

"2. As comparecencias terán lugar na Comisión."

Emenda número 3

Débese engadir un novo artigo que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5 bis

A Comisión poderá reunirse en sesión extraordinaria incluso en períodos non comprendidos nos ordinarios de sesións. Neste caso a Presidencia da Comisión dará conta á Presidencia da Cámara."

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:29
Nº Rexistro: 38243
Data envio: 04/10/2018 17:29:17.934

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Emenda número 4

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 10 que quedará redactado co seguinte contido:

"As propostas de contratacións deberán ser aprobadas pola propia Comisión."

Emenda número 5

Débese engadir un novo parágrafo no artigo 12 que quedará redactado co seguinte contido:

"Nas comparecencias das persoas na Comisión, rematadas as súas introducións, procederase á formulación das cuestións que se consideren oportunas en relación á exposición realizada, para o que se seguirá o formato de pregunta-resposta, durante un tempo máximo de 20 minutos de interacción por cada grupo parlamentario. Igualmente se establecerá unha quenda final por un máximo de 5 minutos por cada grupo parlamentario."

Emenda número 6

Débese engadir unha nova alínea no artigo 14 que quedará redactada co seguinte contido:

"a bis) A busca e constatación das circunstancias que ocasionaron casos de especial incidencia que a Comisión determine."

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:29
Nº Rexistro: 38243
Data envio: 04/10/2018 17:29:17.934

Julio Torrado Quintela na data 04/10/2018 17:26:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2018 17:26:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 16:39
Nº Rexistro: 38088
Data envio: 03/10/2018 16:39:24.892

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA DETERMINAR AS CONSECUENCIAS DOS RECORTES E PRIVATIZACIÓNS DO SISTEMA SANITARIO GALEGO (2009-2018), CON ESPECIAL INCIDENCIA EN CASOS COMO A NON DISPENSACIÓN DE MEDICAMENTOS AOS ENFERMOS DA HEPATITE C OU O FALECEMENTO DUN PACIENTE SEN ATENCIÓN NO PAC DE A ESTRADA.

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández e do seu deputado Luís Villares Naveira, presenta as seguintes EMENDAS AO PROXECTO DE NORMAS DE FUNCIONAMENTO elaborado pola Mesa da Comisión na súa reunión do día 1 de outubro de 2018.

EMENDA nº 1 DE SUPRESIÓN

Suprimir o artigo 4.

EMENDA nº 2 DE MODIFICACIÓN

Modificar o contido do artigo 7 polo seguinte texto:

1. Os traballos e as deliberacións da Comisión axustaranse ao previsto no artigo 70.1 do Regulamento da Cámara, coas excepcións contempladas no artigo 70.4b do mesmo.
2. A actuación dos deputados e deputadas deberá axustarse ao previsto no Capítulo VII do Regulamento da Cámara.

EMENDA nº 3 DE SUPRESIÓN

Suprimir no punto 1 do artigo 9 a seguinte expresión:

"...ou, se é o caso, na Ponencia..."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 16:39
Nº Rexistro: 38088
Data envio: 03/10/2018 16:39:24.892

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

EMENDA nº 4 DE MODIFICACIÓN

Modificar o contido do artigo 13 polo seguinte:

1. A Comisión será a encargada da elaboración do proxecto de ditame, así como do seu debate e aprobación.
2. Poderá redactarse, así mesmo, unha memoria na que figuren a metodoloxía seguida, o material utilizado e cantos datos se xulguen de interese.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/10/2018 16:38:18

Luis Villares Naveira na data 03/10/2018 16:38:25

Reunión da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada

Día: 17.10.2018 Hora: 16:00

Orde do día

2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Reunión da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada

Día: 17.10.2018 Hora: 16:00

Orde do día

3. Fixación do prazo para a presentación polos grupos parlamentarios de propostas de plan de traballo.